

## ***OS HÓRREOS: Expresión da nosa cultura.***

---

*Revista: Fiestas del Divino Espíritu Santo. 1992*

Sen dúbida, os hórreos, tamén chamados "horros", "cabaceiros", "canastros", "piornos", "cabanas" ou "celeiros", son as construcións populares máis representativas de Galicia, sendo poucas as casas labregas que non teñan algún, grande ou pequeno.

A orixe dos hórreos pérdese na noite dos tempos. É de supoñer que, dende a máis remota antigüidade, o home contase con algún tipo de construción para gardar os cereais. A primeira representación plástica que se coñece dos hórreos figura na Cantiga 187 das "Cantigas de Santa María", de Alfonso X O Sabio, no denominado Códice Rico, que se atopa no mosteiro do Escorial. Na citada miniatura están primorosamente debuxados tres deles. Os graneiros representados son tipicamente galegos, de planta rectangular. Posiblemente usábanse daquela para o almacenamento de toda caste de comestibles: centeo, trigo, noces e carne salgada; pois o cultivo do millo, chegado de América, non se iniciou ata o ano 1525, en Sevilla, e non chegou a Galicia ata comezos do século XVII. Os hórreos máis antigos son os denominados cabazos ou palleiras, feitos con pólas de salgueiros, carballo e vimbios.

Pero segundo os textos clásicos dos romanos Plinio, Columela e Varrón, os hórreos xa existían na súa época. Tamén hai autores que os fagan descender dos palafitos neolíticos. Sen embargo o autor Jovellanos afirmaba que no século XVII tan só había hórreos en Asturias. Non sería de estrañar, polo tanto, que os que hai actualmente se empezasen a construír despois da chegada do millo americano a estas terras.

Non todos os hórreos son iguais: hainos grandes e longos, outros son cadrados, uns están cubertos con lousa, outros con tella ou colmo... Ademais de Galicia, hai graneiros en Asturias, Cantabria, Euskadi, León e Portugal. Centrándonos na nosa terra, existen dous grupos totalmente diferenciados: o tipo galego, que ó o que máis abonda, longo e estreito; e máis o tipo asturiano, de planta cadrada.

Na área do hórreo galego hai moitos subtipos, clasificados tendo en conta os materiais con que están construídos.

Estes hórreos que nomearemos a continuación son os dez máis grandes en longura, que non en capacidade, de Galicia: o de Araño, en Rianxo, con máis de 36 metros; o de Carnota, con 34; o de Lira (Carnota), con 34; o de Poio (Pontevedra), con 33; o de Ponte do Porto (Camariñas), con 31; o de Ozón (Muxía), con 27; o de Valga (Pontevedra), con 25; o de Valga (Casa do Deán), con 24; o da Misión Biolóxica (Pontevedra), con máis de 21; e o de Castañeda (Arzúa), con máis de 21 metros.